



A.P.A. Filipense

Asociación de Padres de Alumnos
Colegio Filipense Sagrada Familia

ESTATUTOS DA ASOCIACION DE PAIS FILIPENSE COLEXIO SAGRADA FAMILIA DE VILAGARCIA DE AROUSA

CAPITULO I

DENOMINACION, DOMICILIO, AMBITO, FINS

Artigo 1º

O amparo do establecido no artigo 22.1 da Constitución Española, pola lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e demais lexislación existente en materia educativa e de asociacións que lle sexa aplicable dentro do marco da Constitución Española e do resto do Ordenamento Xurídico, procede á adaptación dos estatutos da xa constituída ASOCIACION DE PAIS DE ALUMNOS FILIPENSE con CIF:G36130383 con número de inscrición 415 no rexistro provincial de asociacións.

Artigo 2º

A asociación ten personalidade xurídica propia con plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro e constituíndose por tempo indefinido.

Artigo 3º

O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Vilagarcía de Arousa, na rúa Vista Alegre no COLEXIO SAGRADA FAMILIA.

Artigo 4º

A asociación en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá as súas actividades no ámbito territorial dos concellos nos que o COLEXIO SAGRADA FAMILIA ten alumnos.

Artigo 5º

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

Artigo 6º

Os fins da asociación son os seguintes:

- Asistir a pais e titores en todo o concernente á educación dos fillos e pupilos.
- Colaborar nas actividades educativas do centro.



A.P.A. Filipense

Asociación de Padres de Alumnos
Colegio Filipense Sagrada Familia

- Promover a participación dos pais dos alumnos na xestión do centro e facilitar a representación dos pais no Consello Escolar.
- Asistir os pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do centro.
- Facilitar a representación e participación dos pais de alumnos no Consello Escolar e Órganos Colexiados.
- Colaborar na elaboración, desenvolvemento e modificación do Regulamento de Réxime Interno do centro.
- Fomentar e promover as relacións de cooperación do centro con outros centros e sectores sociais e culturais do seu entorno, así como con outras entidades con finalidades comúns.
- Requirir os poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, recabando a atención e axudas que esta merece.
- Desenvolvemento de programas de educación familiar.
- Promover actividades formativas, culturais e de estudo.
- Promover reunións de colaboración entre pais e profesores.
- Desenvolvemento de iniciativas artísticas e de información e comunicación do alumnado por medio de concursos e exposicións escolares, conferencias, representacións teatrais e musicais, excursións e calesquera outras actividades.
- Calquera outro fin que dentro do marco da normativa legal acorde a Asemblea Xeral, previa mención na orde do día.

Artigo 7º

Para a mellor cumprimento dos seus fins, esta asociación poderá formar parte de Federacións Locais, Comarcais, Provinciais ou Autonómicas de Asociacións de Pais.

CAPITULO II **DOS ASOCIADOS**

Artigo 8º

Poderán ser socios da asociación os pais ou titores dos alumnos matriculados no colexio SAGRADA FAMILIA de Vilagarcía de Arousa. En todo caso, a pertenza á Asociación terá carácter voluntario.

Artigo 9º

Ámbolos cónxuxes terán voz nas reunións da Asociación pero soamente un deles poderá exercer o seu dereito ó voto.

Artigo 10º

Serán dereitos dos asociados:



A.P.A. Filipense

Asociación de Padres de Alumnos
Colegio Filipense Sagrada Familia

- Asistir e intervir nas Asembleas Xerais con voz e voto no xeito especificado no artigo 9º.
- Ser elector e elixible na designación da Xunta Directiva nas condicións que determinan estes estatutos.
- Tomar parte nas actividades da Asociación.
- Dirixir peticións e propoñer iniciativas ós Órganos de Goberno da Asociación.
- Recabar e recibir da Xunta Directiva tanta información precisen saber da xestión asociativa.
- Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación.
- Impugnar os acordos dos Órganos de Goberno da Asociación que considere contrarios á lei ou ós estatutos.

Artigo 11º

Serán obrigas dos asociados:

- Observar e cumprir os Estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
- Asistir as reunións e actos convocados po-la Xunta Directiva.
- Contribuír economicamente o sostemento da Asociación na forma que se estableza na Asemblea.
- Desempeña-los cargos para os que sexan elixidos.

Artigo 12º

Causarase baixa na Asociación:

- Por petición do interesado.
- Por baixa dos fillos matriculados no centro.
- Por falta inxustificada de pago nas cotas.
- Por incumprimento dos Estatutos.
- Por utilización da Asociación con fins alleos ós específicos da mesma.

CAPITULO III

REXIME ECONOMICO

Artigo 13º

Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- As cotas dos asociados, unha por familia, periódicas ou extraordinarias que serán acordadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.



A.P.A. Filipense

Asociación de Padres de Alumnos
Colegio Filipense Sagrada Familia

- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 14º

A administración dos recursos da Asociación compete á Xunta directiva, do que dará conta á Asemblea Xeral. Para a disposición dos fondos nas entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as firmas na entidade bancaria o presidente, o tesoureiro e o secretario. Para que o libramento de pagos sexa válido será firmado conxuntamente por dous cargos dos citados anteriormente.

Artigo 15º

O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que sexa fixado pola Administración Educativa para cada ano académico.

CAPITULO IV

ORGANOS DA ASOCIACION

Artigo 16º

Son órganos de goberno da Asociación:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva.

Artigo 17º

A Asemblea Xeral debidamente convocada constitúe o órgano supremo da Asociación. Reunirase polo menos unha vez no ano ó inicio do curso escolar con carácter ordinario para aprobación das contas do exercicio anterior, así como para determinar os presupostos do exercicio que comeza e mais a elección da nova Xunta Directiva.

Reunirase con carácter extraordinario sempre que o presidente o considere necesario ou cando sexa solicitada formalmente por escrito por un terzo dos asociados.

Artigo 18º

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como orde do día dos asuntos a tratar na mesma. A convocatoria será feita polo presidente con quince días de antelación para as ordinarias e cinco para as extraordinarias.



A.P.A. Filipense

Asociación de Padres de Alumnos
Colegio Filipense Sagrada Familia

Artigo 19º

As Asembleas quedarán constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos asociados e en segunda convocatoria calquera que sexa o número dos presentes.

Artigo 20º

Os acordos tomaranse por maioría simple dos presentes.

Artigo 21º

Os acordos relativos á disposición de bens inmoables, modificación de estatutos, integración en federacións ou disolución da Asociación requirirán ter polo menos o voto favorable de dous terzos dos asistentes.

Artigo 22º

A Asemblea Xeral será presidida polo presidente da Xunta Directiva e actuará como secretario o titular da mesma. De cada sesión da Asemblea xeral levantarase a correspondente acta que será firmada por presidente e secretario.

Artigo 23º

A Xunta Directiva é o órgano de xestión da Asociación e representa a esta en tódolos actos e contratos.

Artigo 24º

A Xunta Directiva estará formada por:

- Presidente.
- Vicepresidente.
- Secretario.
- Tesoureiro.
- Os vocais necesarios para que cada curso teña representación.

Artigo 25º

A elección dos membros da Xunta Directiva terá lugar o día da Asemblea Xeral a continuación da mesma. Cada ano elixíranse a metade dos membros correspondendo a elección a 3 anos, 5 anos, 3º primaria, 5º primaria, 1º secundaria e 3º secundaria.

Artigo 26º

A duración do mandato será de dous anos coa excepción do representante de 5 anos que terá unha duración de tres anos.



A.P.A. Filipense

Asociación de Padres de Alumnos
Colegio Filipense Sagrada Familia

Artigo 27º

Os cargos da directiva serán elixidos pola mesma na súa primeira reunión ordinaria.

Artigo 28º

A Xunta Directiva reunirse unha vez ó mes e sempre que sexa convocada polo presidente. Tamén deberá reunirse a petición dun terzo dos membros da mesma. A convocatoria será cursada polo secretario expresando na mesma o orde do día. Os acordos da mesma adoptaranse por maioría dos membros presentes. No caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente. As reunións da Xunta Directiva poderá asistir un representante do Centro con voz pero sen voto.

Artigo 29º

As facultades da Xunta Directiva estenderanse con carácter xeral a tódolos actos propios das finalidades da Asociación sempre que estes non requiran segundo os estatutos autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son funcións da Xunta Directiva as seguintes:

- .Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- Xestión dos asuntos que sexan de interese para a Asociación.
- Presentar na Asemblea presupostos, contas e programa anual de actividades.
- Manter co colexio as relacións precisas para o desenvolvemento dos fins da Asociación.
- Nomear os representantes da Xunta Directiva nas federacións das que a Asociación forme parte
- Calquera outra facultade que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Xeral e que sexa conforme á lei.

Artigo 30º

Corresponde ó presidente:

1. Representar á Asociación en tódolos actos e contratos.
2. Convocar, presidir e levantar as sesións que celebren a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
3. Fixar o orde do día da Asemblea Xeral por acordo da Xunta Directiva.
4. Ordenar pagos e firmar xunto co tesoureiro ou secretario os cheques, recibos e documentos análogos.
5. Autorizar ca súa firma os documentos, actos e correspondencia da Asociación.

Artigo 31º

Corresponde ó vicepresidente substituír ao presidente en ausencia de este, tendo as mesmas atribucións que o presidente. O presidente poderá delegar nel as competencias para a xestión de determinados asuntos previa conformidade da Xunta Directiva.



A.P.A. Filipense

Asociación de Padres de Alumnos
Colegio Filipense Sagrada Familia

Artigo 32º

Corresponderá o Secretario:

1. Actuar como tal nas reunións da Xunta Directiva e Asemblea Xeral.
2. Levar os libros da Asociación legalmente establecidos, expedir certificacións, custodiar a documentación e o selo da Asociación.
3. Cursar as convocatorias co orde do día e demais comunicacións que acorde a Xunta Directiva.
4. Asistir ó presidente e á Xunta Directiva no relativo ó cumprimento dos acordos.
5. Firmar xunto con presidente e tesoureiro no libramento de pagos da Asociación.

Artigo 33º

Corresponde o Tesoureiro:

1. Levar a contabilidade da Asociación.
2. Levar o libro da caixa e firmar co presidente e secretario os cheques, recibos e documentos análogos.
3. Elaborar o proxecto de presuposto que a Xunta Directiva deberá presentar na Asemblea Xeral e prepara-las contas que deban someterse a dita Asemblea.

Artigo 34º

Corresponde os vocais:

1. Colaborar nas tarefas comúns que lles correspondan como membros da Xunta Directiva.
2. Poderán coordinar grupos de traballo, comisións, executar encargos e outras tarefas que lle fosen encomendadas pola Xunta Directiva.

CAPITULO V

DISOLUCIÓN DA ASOCIACION

Artigo 35º

A Asociación poderá disolverse:

- Por causas que determinen as leis.
- Por acordo tomado en Asemblea Xeral convocada a tal fin polos dous terzos dos asociados.

Artigo 36º

En caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora que destinará o sobrante, si existise despois da extinción de tódalas débedas da Asociación, a aquelas entidades sen fin de lucro dedicadas á realización de fins educativos con un espírito similar ó que anima a esta Asociación e que sinalará a Asemblea Xeral na que se acorde a disolución.



A.P.A. Filipense

Asociación de Padres de Alumnos
Colegio Filipense Sagrada Familia

DISPOSICION ADICIONAL

Artigo 37º

En todo canto non este previsto nos presentes estatutos aplicarase a Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a Lei Orgánica 10/2002 reguladora da Calidade da Educación e demais disposicións específicas de aplicación provenientes da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico segundo dispón a Constitución Española.